

O 2º COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA ANUNCIA MOBILIZACIÓNS POLO MANTEMENTO DO PODER ADQUISITIVO E CAMPAÑAS NOS CENTROS DE TRABALLO ANTE O BLOQUEO DA PATRONAL Á NEGOCIACIÓN COLECTIVA

OS ORZAMENTOS DA XUNTA TEÑEN QUE DARLLE PRIORIDADE AO EMPREGO, INDUSTRIA, REFORZAR OS SERVIZOS PÚBLICOS E APOIAR ÁS FAMILIAS

O Comité Nacional aproba dúas resolucións de urxencia, unha de apoio ás reivindicacións das traballadoras do servizo de axuda a domicilio que demandan un convenio digno. Outra das resolucións é de apoio aos traballadores do mar e contra o regulamento da UE que ameaza o emprego na pesca de arte de fondo en 87 áreas



Redacción.- O 2º Comité Nacional de UGT-Galicia reuniuse este mércores en Santiago para debater sobre a situación actual e poñer enriba da mesa propostas e as liñas de traballo de cara aos vindeiros meses. Lembrar que este Comité, que o conforman preto de 100 membros, é o máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos e forman parte do mesmo a Comisión Executiva de UGT-Galicia, así como, cadros e delegados e delegadas do Sindicato en representación das federacións e das unións comarcais.

A análise da situación actual no eido internacional contextualizouse nas consecuencias da pandemia e da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Todo isto, ademais de ocasionar unha crise humanitaria, está a ocasionar unha crise económica. Ademais, o Comité alertou sobre o

avance da ultradereita e considerou que, para combatela, hai que poñer a axenda social no epicentro do debate público, con resultados palpables para a cidadanía.

A nivel nacional, o Comité fixo fincapé na galopante suba dos prezos que está a prexudicar aos fogares con menos ingresos. O que se contrapón á escalada de beneficios empresariais que están a experimentar determinados sectores, responsables da espiral inflacionista.

Aumento indecente marxes empresariais

Nesta conxuntura, urxe que os gobernos estean vixiantes ante o aumento indecente das marxes empresariais e articular medidas para limitar os efectos negativos sobre a

ciudadanía, como algunhas das que se viñeron adoptando (bonificación combustibles, limitar prezos gas, limitar alugueiros, bonos eléctricos, axudas directas a determinados sectores ou as bonificacións ao transporte público, entre outras). En canto aos beneficios empresariais, destaca o imposto á banca ou ás grandes empresas enerxéticas.

A Xunta debe apostar nos seus Orzamentos pola mellora na calidade do emprego

Tras a análise da situación en Galicia, o Comité concluíu que a Xunta ten que seguir apostando por unha mellora da calidade do emprego cunha aposta clara pola modernización das políticas activas de

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

emprego, para o cal, ten un instrumento clave como son os Orzamentos de 2023 e UGT tamén demanda que se reactiven as mesas de diálogo social para afrontar este importante reto.

Ao Comité tamén lle preocupan as cifras que Galicia rexistra en materia de sinistralidade laboral, cun aumento desta do 12,14% de xaneiro a xullo de 2022, en relación ao mesmo período de 2021, con 49 persoas traballadoras falecidas, situando a Galicia á cabeza en incidencia de sinistros mortais en todo o Estado. Resulta evidente que urxe unha revisión das políticas preventivas e articular un plan de choque contra esta lacra, ademais do reforzamento da Inspección de Traballo.

Oco prioritario nos Orzamentos para a política industrial e aproveitamento fondos europeos

Os Orzamentos de 2023 tamén deben reservarlle un oco prioritario á política industrial porque este sector amosa preocupantes indicadores nesta Comunidade e a Xunta goza de competencias nesta materia. Son moitas as ameazas e incertezas derivadas de falta de carga de traballo, do elevado prezo da electricidade ou do proceso de transformación enerxética. Isto fai inaprazable unha política industrial que aposte por actividades de alto valor engadido e que aborde o problema enerxético.

Para UGT-Galicia, os fondos europeos son unha oportunidade inaprazable para avanzar cara a modernización de Galicia. Neste senso, o Sindicato estará vixiante á hora de esixir a efectividade dos mesmos, xa non só no eido industrial, senón tamén en materia de servizos públicos, I+D+i, despoboamento rural, brechas de xénero e dixital ou políticas formativas.

Uns Orzamentos de 2023 para reforzar os servizos públicos e o emprego público

Uns Orzamentos, os do ano que ven, que tamén deben servir para reforzar e darlle estabilidade ao emprego público en Galicia, sobre todo, no eido sanitario, educativo e políticas sociais. Neste último senso, UGT demanda un diálogo social real

e efectivo que garanta servizos sociais de xestión pública suficientes e de calidade.

O Comité denuncia a situación do servizo de axuda a domicilio

Precisamente, neste punto, UGT-Galicia denuncia a situación do servizo de atención a domicilio e a insuficiencia do acordo Xunta-FEGAMP que fixa a achega da Xunta para o 2023 en 9,70 euros e de 12 euros para o 2024, contías insuficientes que deterioran e precarizan as condicións laborais das mulleres traballadoras deste servizo.

Situación crítica atención primaria. Falta de orzamento e ausencia de planificación

Tamén se fixo fincapé no Comité Nacional sobre a situación crítica da atención primaria, coa falta de medidas efectivas tanto do Goberno central como da Xunta. As dotacións orzamentarias son insuficientes e urxe unha revisión da planificación da formación dos profesionais da saúde que garanta a cobertura da demanda.

Os Orzamentos da Xunta deben prestar unha atención prioritaria aos máis vulnerables. A día de hoxe o 25,2% da poboación galega está en situación de risco de pobreza ou exclusión social e, se non se habilitan medidas, coa escalada inflacionista, isto pode empeorar. Neste senso, UGT critica a retirada por parte da Xunta da tarxeta básica, que se amosou nos momentos máis duros da pandemia como un instrumento útil para aqueles que peor o están pasando.

Orzamentos para o 2023 que atendan á situación excepcional

En definitiva, o Comité Nacional de UGT-Galicia reclama da Xunta uns Orzamentos para o 2023 que, lonxe de iniciar unha nova senda de recortes, austeridade fiscal e determinadas rebaixas fiscais como algunhas das anunciadas, atendan á situación excepcional actual e, sobre todo, aos que máis o necesitan.

Mantemento poder adquisitivo e mobilizacións

Para o Sindicato, a receita ante a actual conxuntura, é ben clara, fortalecer o escudo social e garantir o mantemento do poder adquisitivo, con cláusulas de revisión salarial en todos os convenios, cun incremento do SMI, e das pensións, conforme ao IPC real. E a isto hai que engadirle por parte das administracións unha vixilancia máis activa do comportamento especulativo dos sectores responsables da espiral inflacionista.

Neste 2º Comité Nacional de UGT-Galicia tamén se anunciou o inicio dun calendario de mobilizacións para demandar “Xustiza salarial”. O día 7, coincidindo co Día mundial polo traballo decente, realizaranse concentracións; do 14 ao 28 de outubro desenvolverase unha campaña nos centros de traballo, especialmente naqueles que teñen bloqueada a negociación colectiva; e o día 3 de novembro haberá unha gran mobilización en Madrid baixo o lema “Salario ou conflito”.

Resolucións de urxencia

O Comité Nacional aprobou dúas resolucións de urxencia. Unha delas, presentada por UGT Servizos Públicos, é de apoio ás reivindicacións das traballadoras do servizo de axuda a domicilio que demandan un convenio digno para un sector no que a precariedade laboral está cronificada e tanto empresas como administracións miran cara outro lado. O Sindicato denuncia a negativa das patronais a sentarse a negociar un novo convenio desde o fin da vixencia do actual, decembro de 2011, e, por outra banda, as patronais de ámbito estatal néganse a activar a cláusula de ultravixencia do II Convenio que obriga a actualizar as retribucións do ano 2022 co IPC de 2021, do 6,5%.

Outra das resolucións, presentada por FeSMC, é de apoio aos traballadores do mar e contra o regulamento da UE que ameaza o emprego na pesca de arte de fondo en 87 áreas sen discriminar as diferentes artes que o compoñen. Isto vai supoñer unha ameaza directa para o emprego de milleiros de traballadores do sector e vai deixar sen sustento a máis de 2.500 familias en todo o Estado. O devandito regulamento está a ser imposto de xeito unilateral, sen consulta previa co sector, sen base legal e sen sustento científico que apoie a decisión que se adopta.

É A HORA DE SUBIR OS SALARIOS

UGT anuncia mobilizacións que comezarán o 7 de outubro e finalizarán o 3 de novembro cunha gran manifestación en Madrid



CIDADE	DÍA	HORA	LUGAR	DIRECCIÓN
A CORUÑA	6	12:30	Diante do Obelisco	Cantón Grande
LUGO	7	11:00	Diante da Confederación Empresarios de Lugo	Praza de Santo Domingo, 6
OURENSE	7	12:00	Diante da Confederación Empresarios de Ourense	Praza de Damas, 1
VIGO	7	12:00	Diante da Confederación Empresarios de Pontevedra	Avda. García Barbón, 104

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, anunciaron en rolda de prensa un primeiro calendario de mobilizacións para subir os salarios que se iniciará o próximo 7 de outubro, no marco da Xornada Mundial polo Traballo Decente, en colaboración coa Confederación Sindical Internacional (CSI) e a Confederación Europea de Sindicatos (CES), e finalizará o próximo 3 de novembro cunha gran manifestación en Madrid.

Pepe Álvarez explicou que o obxectivo desta campaña é “defender ás persoas traballadoras nun momento difícil a nivel económico e social cun crecemento da inflación e do custo da vida desbocados, reabrir as negociacións coa patronal para pechar os miles de convenios bloqueados, e alcanzar un acordo xeral de salarios porque somos o segundo país de Europa pola cola en relación aos aumentos de salarios. Non hai ningún país nunha situación similar de parálise da negociación colectiva”.

Álvarez sinalou que na negociación deste novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva os sindicatos van manterse firmes na súa demanda de incluír cláusulas de revisión salarial para que os traballadores non vexan minguado o seu

poder adquisitivo nin se castigue á economía, así como incorporar elementos novos na negociación relacionados cos cambios nas cifras desde maio ata o de agora e advertiu de que se non se alcanza un acordo global “loitarase convenio a convenio”.

O secretario xeral de UGT lembrou que, tras o verán, os sindicatos volveron empuzar a CEOE a desbloquear a mesa de negociación e que a falta de resposta por parte da patronal obriga a dar un paso máis e a saír ás rúas debido a que subir os salarios, así como controlar os prezos, é unha necesidade económica e social de primeira orde. “As organizacións sindicais mostramos probas palpables neste período de negociación de que queríamos un acordo de carácter xeral para trasladar directrices comúns ás mesas de negociación. Con todo, seguimos sen propostas por parte de CEOE”.

Os salarios non son, en ningún caso, a orixe da inflación

Pepe Álvarez subliñou que os sindicatos están en todas as loitas que sirvan para mellorar a vida das persoas traballadoras e, neste momento, a prioridade son os sala-

rios. “É fundamental para o país que a CEOE se sente a negociar e entenda a importancia de garantir a capacidade adquisitiva dos e as traballadoras. Trátase dunha cuestión de xustiza social que ademais contribuirá a xerar consumo e emprego. Non podemos permitir que a clase traballadora se faga máis pobre neste escenario de crise”.

“O salario real está estancado desde 2008 e o salario pactado por convenio só subiu un 2,8% cunha inflación que excede o 10% e grandes empresas e banca que aumentan os seus beneficios. Hai unha crise de subministracións sen precedentes que está a xerar pobreza enerxética e a patronal négase a establecer unhas cláusulas de revisión que protexan aos traballadores nesta situación”.

“Por iso, o próximo 7 de outubro convocamos concentracións fronte á CEOE e as sedes patronais en todas as capitais de provincia. Ademais, do 14 ao 28 de outubro, realizaremos asembleas informativas e participación de propaganda nos centros de traballo de todo o país e a campaña de mobilizacións continuará o 3 de novembro cunha gran mobilización en Madrid que será un punto de inflexión”.

SEGUIMIENTO MASIVO NAS DÚAS XORNADAS DE FOLGA NO SIDEROMETAL DE OURENSE PARA DEMANDAR SALARIOS E UN CONVENIO DIGNO ANTE A ESCALADA INFLACIONISTA

Redacción.- Os traballadores do sector do siderometal da provincia de Ourense secundaron masivamente as dúas xornadas de folga convocadas por UGT, xunto con CCOO e CIG, os días 28 e 29. Tamén participaron nas mobilizacións que se sucederon pola cidade das Burgas.

Reclaman a negociación dun convenio digno para o sector que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos traballadores, sobre todo, nunha conxuntura de escalada inflacionista como a que se está a vivir.

Tras un proceso negociador de máis de nove meses, a patronal segue na súa postura inicial e non acepta a suba salarial demandada polos traballadores.



A proposta de UGT FICA, xunto con CCOO e CIG, pasa por un incremento salarial do 6,5% para o 2022, do mesmo díxito para o 2023 e do 5% para o 2024, sempre con cláusula de revisión salarial que garanta o mantemento do poder de

compra dos traballadores.

Os traballadores anunciaron que, se continúa a postura inmovilista por parte da patronal do sector, a folga convertírase en indefinida a partir do día 5 de outubro.

IPC ADIANTADO

SUBIR SALARIOS PARA XERAR CONFIANZA E APUNTALAR A RECUPERACIÓN

UGT reclama medidas para evitar que haxa empresas que especulen cos prezos para obter beneficios extraordinarios

Redacción.- Os datos do IPC adiantado correspondente a setembro publicados polo Instituto Nacional de Estatística estiman un descenso da taxa anual desde o 10,5% ata o 9,0%. De confirmarse o dato, trataríase do primeiro mes en rexistrar un descenso notable da inflación, a pesar de que continúe en niveis moi elevados e siga sendo extremadamente preocupante dadas as condicións salariais que están a asinar para o conxunto dos traballadores e traballadoras, moi por baixo destas cifras.

A elevada inflación, consecuencia inicialmente dun aumento dos prezos de produtos enerxéticos que comezou a mediados de 2021 e que se viu fortemente agravada co inicio da invasión a Ucraína, é o principal escollo que debe superar a economía española. Este aumento foise estendendo a outros produtos, e de maneira moi sinalada, aos alimentos, de maneira que os prezos levan máis dun ano instalados nunha tendencia crecente, mentres que os salarios en convenio apenas

viron crecementos do 2,6% no que vai de 2022, segundo os últimos datos dispoñibles. Unha brecha que provoca unha perda de poder adquisitivo inadmisíbel para os traballadores e traballadoras.

Por todo iso, UGT e CCOO xa anunciaron mobilizacións para outubro e novembro co fin de reivindicar unha solución viable a través da negociación colectiva. É fundamental fixar subidas salariais moderadas co compromiso de compensar a diferenza coa subida do IPC que se produciu ao peche de 2022 e mantendo estes criterios ata 2024. Desta maneira, lograríase achegar confianza e certeza á economía española sen xerar tensións inflacionistas, mantendo uns custos laborais moderados e sostenendo o consumo dos fogares, imprescindible para apontoar a recuperación.



En definitiva, a solución a este crecemento do nivel xeral dos prezos pasa por reducir os prezos dos produtos enerxéticos recortando os beneficios caídos do ceo das grandes empresas do sector a través de toques nas súas retribucións e facendo que tributen máis, por impedir que as empresas dalgúns sectores se aproveiten destas circunstancias especulando e obtendo beneficios extraordinarios (señaladamente, a distribución alimentaria) e, por suposto, por pagar uns salarios dignos e evitar o conflito.